ACTA ASEMBLEA EXTRAORDINARIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO CELEBRADA O DÍA 16.12.2024

Nas dependencias da Federación Galega de Fútbol en Santiago, reúnese a Asemblea Extraordinaria da Federación Galega de Baloncesto o día 16.12.24 baixo a Presidencia de D. Julio Bernárdez Álvarez e actuando como Secretario D. Miguel González López-Mosquera; coa asistencia dos membros relacionados ao final da presente, dando comezo a mesma coa Orde do Día que se indica a continuación e en segunda convocatoria:

1º.- Reconto dos membros presentes.

2º.- Aprobación contas reformuladas 2023

3º.- Aprobación do Orzamento 2025

4º.- Rogos e Preguntas.

Abre a sesión o Presidente en segunda convocatoria dando por constituída a mesma sendo ás 18.00 horas. Agradece a todos os presentes a súa participación, e pasa ao primeiro punto na orde do día.

1. Reconto dos membros asistentes:

O Secretario toma a palabra e dá conta dos asembleístas que están presentes na Asemblea: un total de 11 asembleístas. Informa que segundo os artigos 59 e seguintes queda constituída a Asemblea en segunda convocatoria.

2. Aprobación contas reformuladas 2023

Toma a palabra o tesoureiro para explicar que a reformulación das contas do 2023 débese a unha errónea interpretación que se fixo sobre o informe do auditor, que levou a duplicar os axustes por periodificación. Coa reformulación das contas o resultado pasa a ser negativo por un importe de 106.993,09 €.

Queda aprobada por unanimidade a reformulación das contas 2023.

3. Aprobación do Orzamento 2025.

Toma a palabra o Tesoureiro e indica que todos teñen no seu poder o Orzamento 2025. Indica que este ano decidiu cambiar o deseño das partidas agrupando as mesmas por conceptos, que entende que aporta unha maior claridade. A continuación explica detalladamente o contido do orzamento.

Apróbase por unanimidade

FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO
SALIDA
Nº 1440-24
Fecha 18/12/2024
Dpto. SECRETARIA

4º.- Rogos e Preguntas

O Presidente informa neste apartado sobre os seguintes puntos:

- Agradecer á Xunta directiva polo seu traballo desinteresado
- Agradecer ós traballadores da federación a súa implicación persoal.
- Acordo coa Deputación de A Coruña para a organización dun 3x3. Agradecer especialmente a intervención de Miguel González neste punto, xa que sen esta intervención no sería posible este acordo.
- Proxectos Erasmus por uns 24.000€
- Agradecemento a José do C.B. Ribadeo pola súa colaboración para que se celebren as concentracións das seleccións autonómicas nesa localidade a coste 0.
- Éxito da organización do encontro da Selección Española Masculina en Ourense, agradecer especialmente a María José e Miguel González a sú implicación no mesmo.
- Aprobación da redución das continxencias comúns a equipos de menos de 18 anos de clubs sen ánimo de lucro.
- Aprobación na pasada Comisión Delegada da FEB do convenio de integración coas FFAA.
- Campionatos de España de clubs asignados a Andalucía as vindeiras 3 temporadas.
- A FGB solicitou ó 3x3 U17 de clubs, pero previsiblemente teremos que renunciar por carecer de hoteis nese fin de semana por celebrarse en Santiago o Son do camiño.
- Posible cambio da marca deportiva que neste momento temos na FGB.
- Con referencia o litixio interposto pola anterior xuíza do Comité de Apelación en maxistratura, comunicaros que a xuíza da a razón a federación e non a considera persoal laboral da mesma.

O secretario indica tamén que hai dúas consultas do ADC Burela, unha sobre o temas das vinculacións e outra sobre as fases de ascenso que se celebran no mes de decembro; o presidente indica que xa o falou coa persoa consultante pero que ambas cuestións foron debatidas e aprobadas na asemblea e que para cambialas unicamente poderá facerse na seguinte asemblea.

O Director de arbitraxe indica esta temporada levamos 16 cursos con 240 alumnos; tamén que probablemente o ano próximo teñamos designacións automatizadas.

Non existindo máis asuntos que tratar, dáse por finalizada a Asemblea Xeral Extraordinaria da Federación Galega de Baloncesto sendo ás 18.51 hrs. do día da data, da que eu, como Secretario, dou fe.

VºPº

O PRESIDENTE

Firmado por ***2975** JULIO CESAR BERNARDEZ (R: ****1530*) el día 18/12/2024 con

MIGUEL GONZALEZ LOPEZ MOSQUERA - 35319021Z

Firmado digitalmente por MIGUEL GONZALEZ LOPEZ MOSQUERA - 35319021Z
Fecha: 2024.12.18 14:26:07 +01'00'

Relación de Asembleístas Presentes

Rogelio Cayón García (ADC Burela)

Teresa Cano Pan (A.D.F.R.O)

Pedro García Alonso (CAB Pontevedra)

Leire Barros Quintas (C.B. Allariz)

Lino Vázquez Sánchez (C.B. Arxil)

Miguel Piñeiro Dopico (C.B. Narón)

José R. Vázquez Barbeito (C.B. Ría de Ribadeo)

Lucía M. Rodríguez Rodríguez (C.B. Val de Lemos)

Alfonso Sanmartín Carbón (EDM Estradense)

Icía Alcade Giraldez (Porriño Bto. Base)

Convidados

Ramón Lago Alvarez

José M. Villamarín Couto

Alejandro Alcalde Varela

Darío Martínez Méndez

Miguel A. Pérez Pérez

Susana Fernández Fiuza

Susana Vilarín Picado